

# CINBIO



## Fotografía de CIENCIA CONCURSO

As 12 fotografías finalistas formarán parte do calendario CINBIO 2025 e participarán no sorteo de 2 premios de formación valorados en 1000€.

**ENVÍA A TÚA FOTO **ATA 18 NOV****

[cinbio@uvigo.gal](mailto:cinbio@uvigo.gal)

# IV CONCURSO DE FOTOGRAFÍA CINBIO (2024)

O CINBIO ten como un dos seus obxectivos fundamentais protexer o futuro da investigación a través da promoción e fomento da ciencia, para o fomento das vocacións científicas e como competencia fundamental para toda a sociedade.

Este concurso é unha iniciativa organizada polo CINBIO para promocionar o traballo desenvolvido no noso centro de investigación a través de fotografías realizadas polo persoal do centro no seu día a día. O obxectivo é achegar a ciencia á cidadanía xeral mediante unha visión artística e estética suxerida a través de fotografías científicas que **conformarán un calendario** e que contarán cunha descrición ou comentario do feito científico que ilustran. É, tamén, obxectivo desta iniciativa promover entre a comunidade científica a importancia de divulgar o seu traballo ao conxunto da sociedade.

## BASES:

### 1ª PARTICIPANTES:

Poderá participar no concurso calquera persoa maior de 18 anos con vinculación ao centro de investigación CINBIO: persoal investigador ou estudantes de doutoramento, así como membros de xestión, con exclusión das persoas implicadas na organización do concurso.

### 2ª TEMÁTICA:

O tema principal será a ciencia e o traballo multidisciplinar de investigación desenvolvido no CINBIO, tendo cabida todos os ámbitos nos que traballa e investiga o CINBIO.

### 3ª OBRAS:

Cada participante poderá presentar un máximo de tres obras, sendo estas orixinais e inéditas e non presentadas con anterioridade noutros concursos, webs ou calquera outro medio dixital o impreso.

Os participantes responsabilízanse totalmente de ser os únicos autores, de que non existan dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe sobre as obras presentadas ao concurso.



#### 4ª PRESENTACIÓN:

As obras deberanse achegar en soporte informático en formato JPEG ou TIFF, a unha calidade mínima para impresión a tamaño A4 (o ideal sería a unha resolución de 300ppp e un tamaño de 2480 x 3508 píxeles en RGB).

O formato de fotografía que se utilizará no calendario final **será cadrado**, polo que, en caso de estar entre as 12 finalistas, se non ten estas proporcións inicialmente se modificará para o seu uso no calendario.

#### 5ª ENVÍO:

As obras remitiranse por correo electrónico ao seguinte enderezo: [cinbio@uvigo.gal](mailto:cinbio@uvigo.gal)

*Asunto:* IV Concurso Fotografía CINBIO + nome autor.

*Texto:* Nome completo de autor + grupo de investigación ao que pertence (ou vinculación CINBIO) + título e breve texto descritivo do que amosa a fotografía.

#### 6ª PRAZO DE ADMISIÓN:

O prazo para presentar as obras estará aberto do **4 de novembro ao 18 de novembro de 2024 (12.00h)**. Non se admitirán obras presentadas con posterioridade a esta data.

#### 7ª PREMIOS:

Seleccionaranse **12 fotografías finalistas** que conformarán o calendario CINBIO 2025, e os seus autores entrarán no sorteo de dous premios de formación\* (a asistencia a un congreso, curso ou similar) valorada nun máximo 1000€. A maiores, tamén recibirán outro detalle relacionado co mundo da fotografía.

\* O congreso deberá celebrarse entre o 01/01/2025 e o 31/10/2025 e será coordinado directamente a través da Unidade de Xestión do CINBIO. Importe máximo dispoñible: 1000€.

#### 8ª FALLO:

O fallo do xurado producirase no día **19 de novembro de 2024** e as persoas finalistas serán comunicadas por email. A data da realización do sorteo será comunicada aos finalistas en decembro de 2024.

#### 9ª O XURADO:

O xurado estará formado por representantes de CINBIO e expertos en imaxe e fotografía da facultade de comunicación da UVigo, que, atendendo a criterios de creatividade e calidade técnica, seleccionará 12 obras finalistas para un calendario CINBIO 2025.



## 10ª DEREITOS DE AUTOR:

As obras finalistas quedarán a disposición de CINBIO para o seu uso promocional tanto do centro de investigación como do traballo de investigación desenvolvido nel; e para impulso e fomento da ciencia en xeral. Sendo sempre a propiedade intelectual do autor/a. CINBIO fará constar nos seus usos e reproducións tanto impresas como por calquera medio dixital o nome do autor/a.

## 11ª ACEPTACIÓN DAS BASES:

A participación neste concurso supón a plena aceptación de todas e cada unha destas bases e do fallo inapelable do xurado.

